ACSUG

AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

PROPOSTAS DE MELLORA

PLAN NACIONAL DE AVALIACIÓN DA CALIDADE DAS UNIVERSIDADES (PNECU) 1996 - 2000

ACSUG

PROPOSTAS DE MELLORA

PLAN NACIONAL DE AVALIACIÓN DA CALIDADE DAS UNIVERSIDADES (PNECU) 1996 - 2000

Edita:

ACSUG

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
IES "Compostela", 5ª planta - Rúa Lamas de Abade s/n
15702 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 173

Deseño e maquetación:
a ref.erencia, S.L.
Edificio Agro do Corgo, esc.2-2ºC
15883 Cacheiras-Teo
Tfno.: 981 554 232

Depósito Legal: C-2931-2004

Progresivamente, a cultura da calidade vaise instaurando nos distintos ámbitos da actividade cotiá, non sendo unha excepción o Sistema Universitario, nin as demais instancias da Administración Pública.

Se ben na actualidade as nosas Universidades gozan dun certo prestixio e recoñecemento, non debemos esquecer a nosa compoñente de servizo público e a obriga de render contas á sociedade á que servimos, co obxectivo de manter esta confianza.

Nesta liña, os procesos de avaliación desenvolvidos durante os últimos exercicios, tanto a través do PNECU como o II PCU, constitúen unha importante base de coñecemento da problemática específica das nosas titulacións, poñendo de manifesto a existencia dunha serie de debilidades intrínsecas ao propio sistema, independentemente do tipo de titulación analizada.

A corrección destas deficiencias debe ser un dos máximos obxectivos dos distintos responsables do Sistema Universitario, polo que consideramos que a presente publicación, na que se recollen as opinións e suxerencias da propia comunidade universitaria reflectidas nas propostas de mellora presentadas polos distintos centros avaliados, pode ser de gran utilidade para a toma de decisións.

Manuel Cecilio Díaz y Díaz
Presidente do Consello de
Dirección da ACSUG

O PNECU supuxo un avance fundamental na implantación da cultura da calidade e a mellora continua no noso Sistema Universitario, pero a pesar dos claros avances observados desde entón, aínda queda moito traballo por diante.

Durante os últimos anos realizouse un importante esforzo institucional, estando avaliados neste momento aproximadamente o 80% das titulacións impartidas no Sistema Universitario de Galicia.

A presentación dos Informes Finais das titulacións non debe supoñer o fin do proceso de avaliación, senón o primeiro paso para a implantación dun Plan Estratéxico de Mellora, orientado non só a corrixir defectos puntuais, senón tamén a definir as liñas estratéxicas de actuación para os próximos exercicios.

Neste sentido, a ACSUG acaba de propoñer o Plan de Seguimento de Propostas de Mellora, no cal participarán ao longo de catro convocatorias, todas as titulacións avaliadas durante o PNECU e o II PCU.

Este programa está orientado tanto ao seguimento do desenvolvemento das propostas de mellora formuladas durante a primeira avaliación, como á elaboración dun novo Plan de Mellora, en función dos criterios e indicadores de referencia establecidos no Programa de Avaliación Institucional da ACSUG.

Agardamos que esta publicación e outras similares que poidan xurdir nos próximos tempos sexan de utilidade para o conxunto da comunidade universitaria.

Eugenio Muñoz Camacho
Director da ACSUG

ÍNDICE

1. Introdución 9
2. Plan Nacional de Avaliación da Calidade das Universidades 13
3. Análise das Propostas de Mellora presentadas 19
4. Universidade da Coruña 31
   - 4.1 Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos 34
   - 4.2 Enxeñeiro Industrial 36
   - 4.3 Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Electricidade 40
   - 4.4 Diplomado en Enfermería 44
   - 4.5 Diplomado en Fisioterapia 46
   - 4.6 Diplomado en Terapia Ocupacional 49
   - 4.7 Diplomado en Máquinas Navais. Diplomado en Navegación Marítima 52
   - 4.8 Enxeñeiro Informático 56
   - 4.9 Propostas de Mellora Financiadas 58
5. Universidade de Vigo 59
   - 5.1 Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Licenciado en Economía 61
   - 5.2 Licenciado en Filoloxía Galega. Licenciado en Filoloxía Hispánica. Licenciado en Filoloxía Inglesa. Licenciado en Tradución e Interpretación 65
   - 5.3 Enxeñeiro Técnico Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias 71
   - 5.4 Diplomado en Fisioterapia 74
   - 5.5 Enxeñeiro de Telecomunicacións 80
   - 5.6 Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos 88

6. Universidade de Santiago de Compostela 93
6.1 Enxeñeiro Agrónomo. Enxeñeiro Técnico Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias 96
6.2 Licenciado en Farmacia 99
6.3 Licenciado en Física 101
6.4 Diplomado en Óptica e Optometría 103
6.5 Licenciado en Bioloxía 105
6.6 Licenciado en Química 108
6.7 Diplomado en Enfermería 111
6.8 Licenciado en Psicoloxía 113
6.9 Licenciado en Filoloxía Clásica 116
6.10 Licenciado en Xeografía 118
6.11 Diplomado en Relacións Laborais 121
6.12 Licenciado en Filoloxía Italiana 123
6.13 Licenciado en Filoloxía Portuguesa 125
6.14 Licenciado en Filoloxía Románica 127
6.15 Licenciado en Matemáticas 130
6.16 Licenciado en Xornalismo 133
7. Futuras liñas de actuación 137
ANEXOS 141
Anexo I. Estrutura da ACSUG e colaboradores neste informe 143
Anexo II. Documento guía para a presentación de propostas de mellora 147
Anexo III. Glosario de termos e siglas utilizadas 151

1

INTRODUCIÓN

INTRODUCIÓN

A presente publicación resume as principais propostas de mellora presentadas polas 36 titulacións do noso sistema universitario avaliadas durante as catro convocatorias do PNECU.

Os procesos de avaliación desenvolvidos durante os últimos exercicios constitúen unha importante base de coñecemento sobre a problemática específica das nosas titulacións, poñendo de manifesto a existencia dunha serie de debilidades intrínsecas ao propio sistema, independentemente do tipo de titulación analizada.

O obxectivo perseguido coas propostas de mellora é estimular as consecuencias dos procesos de avaliación, á busca dunha maior calidade da ensinanza,investigación e xestión universitarias e, ao mesmo tempo, destacar o esforzo e os logros daquelas unidades e persoas que levaron a cabo accións de mellora relevantes que se puideran considerar exemplares, implicando nas titulacións unha mellora sistemática e consciente.

Neste senso, as propostas de mellora recollen as suxerencias e opinións dos membros da comunidade universitaria máis próximos aos problemas e por conseguinte os mellores coñecedores dos mesmos, polo que constitúen un importante punto de partida para a toma de decisións e o deseño de accións correctoras por parte dos distintos organismos competentes.

No entanto, con carácter xeral, unha parte das propostas de mellora non chegan a implantarse, a pesar de ser asumidas polas propias universidades nos seus Informes Finais de Avaliación, co que sendo conscientes da súa importancia, desde o primeiro momento a ACSUG destinou unha cantidade importante de recursos económicos, para colaborar no financiamento e implantación das distintas propostas de mellora presentadas polos centros, a pesar de que a ACSUG non chegou a participar directamente no PNECU.

Estas axudas (táboa 1) foron distribuídas durante os exercicios 2001, 2002 e 2003, equitativamente entre as tres universidades, divididas nunha compoñente fixa a cada unha delas, e outra adicional en función do número de titulacións avalidadas durante as convocatorias do ano 1999 e 2000.

.

AXUDA A PROPOSTAS DE MELLORA – PNECU			
CONVOCATORIA	CANTIDADE EN €		
	UDC	USC	UVI
1996 -1998	6000 €	6000 €	6000 €
1999	9000 €	12000 €	12000 €
2000	17000 €	17800 €	16200 €
TOTAL	32000 €	35800 €	34200 €

Táboa 1: Axudas a propostas de mellora.

Outra das conclusións máis relevantes, extraídas dos primeiros procesos de avaliación levados a cabo, é que unha parte significativa das propostas de mellora presentadas non estaban suficientemente fundamentadas, ao tempo que carecían dun responsable directo. Ademais, parte das súas actividades de estandarización e mellora dos procedementos, a ACSUG promoveu un modelo que integra, dun modo coherente, todos os aspectos necesarios para definir adecuadamente unha proposta de mellora, modelo que se inclúe como documento anexo.

Con todo, este modelo foi aprobado despois da conclusión do PNECU, así que, como experiencia piloto, no ano 2002 solicitóuselles ás titulacións avaliadas na terceira convocatoria que tratasen de axustar as propostas formuladas ao modelo, elaborando os correspondentes Plans Estratéxicos de Mellora. Además das dez titulacións avaliadas no ano 1999, sumáronse as de Licenciado en Administración e Dirección de Empresas e Licenciado en Economía da Universidade de Vigo e a de Enxeñeiro Informático da Universidade da Coruña.

Esta experiencia resultou altamente frutífera, demostrando a validez e a conveniencia do modelo, mellorando considerablemente o grao de definición e a utilidade das propostas de mellora, tal e como se pon de manifesto ao longo do presente documento, onde se aprecia claramente a asimetría entre os Plans de Mellora das titulacións que participaron na experiencia piloto e o resto.

2

ACSUG

PLAN NACIONAL DE AVALIACIÓN DE CALIDADE DAS UNIVERSIDADES

Desenvolveuse en catro convocatorias correspondentes aos anos 1996, 1998, 1999 e 2000, cun alto grao de participación por parte das universidades españolas; das 66 universidades existentes no ano 2000, 55 participaron en maior ou menor medida no mesmo, incluíndo as tres universidades galegas e avaliándose entre as catro anualidades citadas un total de 939 titulacións, das que 36 pertencen ao SUG (Gráfico 1).



Gráfico 1: Titulacións Avaliadas no PNECU (España)

Entre as principais contribucións do PNECU destacan a difusión da cultura da calidade e a mellora continua na comunidade universitaria, ademais da creación nas distintas universidades de vicerreitorados con atribucións específicas en materias de calidade así como de Unidades Técnicas de Avaliación, co obxectivo de orientar e apoiar os procesos de avaliación das distintas titulacións.

Esta mesma preocupación pola mellora da calidade do sistema universitario tamén se trasladou ás comunidades autónomas, de tal maneira que durante os últimos anos se crearon diversas axencias autonómicas de calidade, entre as que se inclúe a ACSUG (30/01/01).

Como consecuencia das dificultades intrínsecas ao proceso de avaliación, o Consello de Coordinación Universitaria desaconsellou a participación das universidades de recente creación na primeira anualidade do Plan, factor que explica en gran medida a asimetría entre as 17 titulacións avaliadas pola Universidade de Santiago de Compostela fronte ás 9 avaliadas pola Universidade da Coruña e 10 da Universidade de Vigo.

A distribución das titulacións avaliadas en Galicia por universidades e áreas temáticas preséntase no gráfico 2:



Gráfico 2: Titulacións Avaliadas no PNECU (Galicia)

Ao final do PNECU tíñase avaliado o 22,3% das titulacións en funcionamento, valor similar á media estatal, o que pon de manifesto o gran esforzo institucional realizado polas nosas universidades, a pesar da súa menor dimensión. Así mesmo, o grao de cobertura conseguido no

ámbito das Ciencias Experimentais da Universidade de Santiago foi do 71,4%, en Humanidades da Universidade de Vigo o 66,7% e no ámbito de Ciencias da Saúde na Universidade da Coruña o 50% das titulacións avaliadas.

A relación completa das titulacións avaliadas en Galicia durante o PNECU recóllese na táboa 2:

TITULACIÓNS AVALIADAS NO PNECU (GALICIA)		
ANO	**TITULACIÓN**	**UNIVERSIDADE**
1996	Licenciado en Farmacia	Santiago
	Licenciado en Física	Santiago
	Enxeñeiro Agrónomo	Santiago
	Enxeñeiro Técnico Agrícola. Especialidade Industrias Agrarias e Alimentarias	Santiago
1998	Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos	A Coruña
	Licenciado en Administración e Dirección de Empresas	Vigo
	Licenciado en Economía	Vigo
	Diplomado en Óptica	Santiago
	Licenciado en Bioloxía	Santiago
	Licenciado en Química	Santiago
1999	Enxeñeiro Industrial	A Coruña
	Enxeñeiro Técnico Industrial. Especialidade Electricidade	A Coruña
	Licenciado en Filoloxía Galega	Vigo
	Licenciado en Filoloxía Hispánica	Vigo
	Licenciado en Filoloxía Inglesa	Vigo
	Licenciado en Tradución e Interpretación	Vigo
	Diplomado en Enfermería	Santiago
	Licenciado en Psicoloxía	Santiago
	Licenciado en Filoloxía Clásica	Santiago
	Licenciado en Xeografía	Santiago

2000	Diplomado en Enfermería	A Coruña
	Diplomado en Fisioterapia	A Coruña
	Diplomado en Terapia Ocupacional	A Coruña
	Diplomado en Máquinas Navais	A Coruña
	Diplomado en Navegación Marítima	A Coruña
	Enxeñeiro Informático	A Coruña
	Diplomado en Fisioterapia	Vigo
	Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Vigo
	Enxeñeiro Técnico Agrícola. Especialidade Industrias Agrarias e Alimentarias	Vigo
	Enxeñeiro de Telecomunicacións	Vigo
	Licenciado en Matemáticas	Santiago
	Diplomado en Relacións Laborais	Santiago
	Licenciado en Xornalismo	Santiago
	Licenciado en Filoloxía Italiana	Santiago
	Licenciado en Filoloxía Portuguesa	Santiago
	Licenciado en Filoloxía Románica	Santiago

Táboa 2: Titulacións avaliadas no PNECU (Galicia).

Un informe detallado sobre o desenvolvemento do PNECU en Galicia foi publicado recentemente pola ACSUG co título "Informe Final do Plan Nacional de Avaliación da Calidade das Universidades no Sistema Universitario de Galicia. 1996 – 2000".

Tamén se publicou un estudo sobre o desenvolvemento da primeira anualidade do II PCU baixo o título "Informe Final da Primeira Anualidade do II Plan da Calidade das Universidades no Sistema Universitario de Galicia".

3

ANÁLISE DAS PROPOSTAS DE MELLORA PRESENTADAS

ANÁLISE DAS PROPOSTAS DE MELLORA PRESENTADAS

A pesar da heteroxeneidade dos centros avaliados, unha análise detallada das propostas de mellora presentadas durante o PNECU permite extraer conclusións de gran interese, entre as que resumimos as máis importantes.

Moitas das propostas de mellora formuladas non responden a debilidades reais detectadas durante a avaliación, senón que máis ben parten de ideas preconcebidas previamente ao desenvolvemento do proceso de avaliación en si. Ao mesmo tempo que algunhas das debilidades detectadas non reciben unha resposta adecuada no Plan de Mellora.

A maioría das propostas resultan altamente interesantes, aínda que sería necesario que estivesen mellor fundamentadas cunha análise adecuada dos problemas aos que tentan dar resposta, incluíndo todos os aspectos solicitados no modelo de proposta de mellora da ACSUG, en especial o indicador do grao de cumprimento e o responsable do seguimento, así como unha priorización na súa execución.

Cabe destacar tamén que, con carácter xeral, na súa análise, os centros presentan debilidades comúns, intrínsecas ao sistema e independentes do ámbito científico da titulación. Pola frecuencia coa que se repiten, convén sinalar as seguintes:

-Falta de metas e obxectivos para a Titulación.

-Elevada taxa de retraso e de abandono.

-Problemas coa xestión do Plan de Estudos (falta de coordinación entre materias, créditos prácticos, optatividade, etc.)

-Descoñecemento de datos sobre inserción laboral dos titulados.

Como consecuencia, en moitos casos, as solucións propostas ante estas debilidades son similares, se ben están presentadas de distinta forma, tal e como se pon de manifesto nas táboas adxuntas.

Un último aspecto a sinalar é que anos despois da conclusión do proceso de avaliación, a maioría das propostas de mellora incluídas nos Informes Finais

das Universidades non se tiñan executado, a pesar de ser asumidas por todos os colectivos implicados e que en gran parte dos casos nin sequera requirían recursos externos ao propio centro.

Nas táboas 3 a 10 recóllense as principais propostas de mellora formuladas polas titulacións avaliadas, divididas por anualidades.

TITULACIÓNS AVALIADAS. ANO 1996			
Código	**Titulación**	**Universidade**	**Campus**
EAGR USC	Enxeñeiro Agrónomo. Enxeñeiro Técnico Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias	Santiago	Lugo
LFAR USC	Licenciado en Farmacia	Santiago	Santiago
LFISICA USC	Licenciado en Física	Santiago	Santiago

Táboa 3: Titulacións avaliadas no ano 1996.

PROPOSTAS DE MELLORA. ANO 1996			
Proposta de mellora	**Titulacións**		
	EAGR USC	**LFAR USC**	**LFÍSICA USC**
Análise/Redefinición do Plan de Estudos			
Crear unha Comisión de Coordinación da titulación			
Revisar os programas das materias			
Fomentar formación práctica			
Ofertar cursos e estudos de posgrao			
Análise do mercado laboral/Xornadas de inserción			
Fomentar relacións externas			
Redución da carga docente do profesorado			
Plan de formación do profesorado			
Fomento da investigación			
Plan de formación para o PAS			

Incrementar PAS	■	■	■
Corrixir defectos puntuais nas instalacións	■	■	
Ampliar instalacións	■	■	
Mellorar equipamento laboratorios/ equipos informáticos	■	■	■
Utilizar técnicas de innovación docente			
Fomentar o emprego das titorías			
Redución de alumnos por grupo		■	■
Crear/Mellorar Guía Académica			
Fomentar a mobilidade			■

Táboa 4: Propostas de mellora. Ano 1996.

■ Propostas de Mellora Presentadas.

TITULACIÓNS AVALIADAS. ANO 1998			
Código	**Titulación**	**Universidade**	**Campus**
ECCP UDC	Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos	A Coruña	A Coruña
LADE UVI	Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Licenciado en Economía	Vigo	Vigo
DOP USC	Diplomado en Óptica e Optometría	Santiago	Santiago
LBIO USC	Licenciado en Bioloxía	Santiago	Santiago
LQUI USC	Licenciado en Química	Santiago	Santiago

Táboa 5: Titulacións avaliadas no ano 1998.

PROPOSTAS DE MELLORA. ANO 1998					
Proposta de mellora	Titulacións				
	ECCP UDC	LADE UVI	DOP USC	LBIO USC	LQUI USC
Análise/Redefinición do Plan de Estudos	■	■	■		■
Crear unha Comisión de Coordinación da titulación					
Revisar os programas das materias					■
Fomentar formación práctica					
Ofertar cursos e estudos de posgrao					
Análise do mercado laboral/ Xornadas de inserción				■	■
Fomentar relacións externas	■	■	■	■	
Aumento da información	■			■	
Plan de formación do profesorado e aumento do cadro de persoal			■	■	
Fomento da investigación	■	■	■	■	■
Plan de formación para o PAS		■			
Incrementar PAS	■		■	■	■
Corrixir defectos puntuais nas instalacións			■	■	■
Ampliar instalacións	■	■	■	■	■
Mellorar equipamento laboratorios/ equipos informáticos	■	■		■	■
Utilizar técnicas de innovación docente					
Fomentar o emprego das titorías					
Redución de alumnos por grupo		■	■		■
Crear/Mellorar Guía Académica					
Fomentar a mobilidade			■	■	

Táboa 6: Propostas de mellora. Ano 1998.

■ Propostas de Mellora Presentadas.

TITULACIÓNS AVALIADAS. ANO 1999			
Código	**Titulación**	**Universidade**	**Campus**
EI UDC	Enxeñeiro Industrial	A Coruña	Ferrol
ETIE UDC	Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Electricidade	A Coruña	Ferrol
LFT UVI	Licenciado en Filoloxía Galega, Licenciado en Filoloxía Hispánica, Licenciado en Filoloxía Inglesa, Licenciado en Tradución e Interpretación	Vigo	Vigo
DEF USC	Diplomado en Enfermería	Santiago	Santiago
LPC USC	Licenciado en Psicoloxía	Santiago	Santiago
LFC USC	Licenciado en Filoloxía Clásica	Santiago	Santiago
LXE USC	Licenciado en Xeografía	Santiago	Santiago

Táboa 7: Titulacións avaliadas no ano 1999.

PROPOSTAS DE MELLORA. ANO 1999							
Proposta de mellora	Titulacións						
	EI UDC	ETIE UDC	LFT UVI	DEF USC	LPC USC	LFC USC	LXE USC
Análise/Redefinición do Plan de Estudos	■	■	■				
Crear unha Comisión de Coordinación da titulación	■	■					
Revisar os programas das materias	■	■					
Fomentar formación práctica	■		■				■
Ofertar cursos e estudos de posgrao	■	■	■				
Análise do mercado laboral/ Xornadas de inserción	■					■	
Fomentar relacións externas	■	■	■	■			■
Aumento da información			■		■	■	
Plan de formación do profesorado		■					
Fomento da investigación		■	■		■	■	
Plan de formación para o PAS							
Incrementar PAS	■		■	■			
Corrixir defectos puntuais nas instalacións			■				
Ampliar instalacións	■	■					
Mellorar equipamento laboratorios/equipos informáticos	■	■					
Utilizar técnicas de innovación docente		■					
Fomentar o emprego das titorías	■	■	■		■	■	
Redución de alumnos por grupo		■					
Crear/Mellorar Guía Académica		■					■
Fomentar a mobilidade		■		■	■	■	■

Táboa 8: Propostas de mellora. Ano 1999.

■ Propostas de Mellora Presentadas.

TITULACIÓNS AVALIADAS. ANO 2000			
Código	**Titulación**	**Universidade**	**Campus**
DEF UDC	Diplomado en Enfermería	A Coruña	Ferrol
DFIS UDC	Diplomado en Fisioterapia	A Coruña	A Coruña
DTO UDC	Diplomado en Terapia Ocupacional	A Coruña	A Coruña
DNAV UDC	Diplomado en Máquinas Navais, Diplomado en Navegación Marítima	A Coruña	A Coruña
EINF UDC	Enxeñeiro Informático	A Coruña	A Coruña
ETAG UVI	Enxeñeiro Técnico Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias	Vigo	Ourense
DFIS UVI	Diplomado en Fisioterapia	Vigo	Pontevedra
LCTA UVI	Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Vigo	Ourense
ETEL UVI	Enxeñeiro de Telecomunicacións	Vigo	Vigo
DRL USC	Diplomado en Relacións Laborais	Santiago	Santiago
LFI USC	Licenciado en Filoloxía Italiana	Santiago	Santiago
LFP USC	Licenciado en Filoloxía Portuguesa	Santiago	Santiago
LFR USC	Licenciado en Filoloxía Románica	Santiago	Santiago
LMAT USC	Licenciado en Matemáticas	Santiago	Santiago
LXOR USC	Licenciado en Xornalismo	Santiago	Santiago

Táboa 9: Titulacións avaliadas no ano 2000.

PROPOSTAS DE MELLORA. ANO 2000

Proposta de mellora	Titulacións														
	DEF UDC	DFIS UDC	DTO UDC	DNAV UDC	EINF UDC	ETAG UVI	DFIS UVI	LCTA UVI	ETEL UVI	DRL USC	LFI USC	LFP USC	LFR USC	LMAT USC	LXOR USC
Análise/Redefinición do Plan de Estudos		■	■	■	■	■	■	■	■					■	■
Crear unha Comisión de Coordinación da titulación	■					■		■		■			■	■	
Revisar os programas das materias		■		■	■		■	■	■			■			
Fomentar formación práctica	■		■	■			■	■	■			■			■
Ofertar cursos e estudos de posgrao			■	■		■	■		■	■					■
Análise do mercado laboral/ Xornadas de inserción	■		■		■	■	■	■				■			■
Fomentar relacións externas	■	■		■		■	■		■	■	■	■	■	■	■
Aumento da información		■	■	■	■	■	■	■	■	■		■	■	■	■
Plan de formación do profesorado	■	■	■	■		■	■		■	■	■		■		■
Fomento da investigación				■				■	■		■	■	■	■	■

Táboa 10: Propostas de mellora. Ano 2000

■ Propostas de Mellora Presentadas.

PROPOSTAS DE MELLORA. ANO 2000															
Proposta de mellora	Titulacións														
	DEF UDC	DFIS UDC	DTO UDC	DNAV UDC	EINF UDC	ETAG UVI	DFIS UVI	LCTA UVI	ETEL UVI	DRL USC	LFI USC	LFP USC	LFR USC	LMAT USC	LXOR USC
Plan de formación para o PAS						■	■	■	■				■		
Incrementar PAS	■	■		■		■	■			■					■
Corrixir defectos puntuais nas instalacións		■	■	■		■	■	■	■	■	■	■			■
Ampliar instalacións		■	■	■	■			■	■						
Mellorar equipamento laboratorios/equipos informáticos				■	■		■	■	■	■		■	■	■	■
Utilizar técnicas de innovación docente			■	■			■		■						■
Fomentar o emprego das titorías	■	■	■	■			■		■					■	
Redución de alumnos por grupo					■		■		■	■					
Crear/Mellorar Guía Académica	■		■	■					■						
Fomentar a mobilidade		■		■					■	■	■	■	■	■	

Táboa 10: Propostas de mellora. Ano 2000 (Continuación).

■ Propostas de Mellora Presentadas.

4

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Durante o PNECU a UDC avaliou 9 titulacións (Táboa 11), 6 do Campus da Coruña e 3 do Campus de Ferrol.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA				
TITULACIÓN	INFORME FINAL			PLAN DE MELLORA
	P F	P D	P M	
Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos (Coruña)	10	11	12	-
Enxeñeiro Industrial (Ferrol)	11	12	20	24
Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Electricidade (Ferrol)	17	26	39	35
Diplomado en Enfermería (Ferrol)	27	14	20	-
Diplomado en Fisioterapia (Coruña)	74	46	22	-
Diplomado en Terapia Ocupacional (Coruña)	41	38	41	-
Diplomado en Máquinas Navais, Diplomado en Navegación Marítima (Coruña)	51	60	50	-
Enxeñeiro Informático (Coruña)	5	4	6	6

Táboa 11: Titulacións avaliadas na UDC durante o PNECU.

4.1 ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS - UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade da Coruña

Titulación: Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos

Proceso de Avaliación:

-Convocatoria do Plan Nacional de Avaliación: 2ª,1998

-Data de presentación do Informe Final:

Comité de Seguimento:

-Está constituído? __

-Organismo que efectúa o nomeamento:__

-Data de constitución:__

-Membros partícipes no Comité Autoavaliación: __%

Análise das Propostas de Mellora:

-Nº de propostas formuladas no Informe Final: 12

-Nº de propostas do Informe Final recollidas no Plan de Mellora 8

-Nº de propostas que dependen da propia Universidade _____

-Asignación de responsables: Non

-Definición clara dos obxectivos buscados: Non

-Priorización das propostas: Non

-Temporalización da súa execución: Non

-Cuantificación do seu custo: Non

Nivel de Cumprimento do Plan de Melloras, a 31 de decembro de 2002:

-Grao medio de execución do Plan: _____ %

-Nº de propostas completamente executadas: ___

-Porcentaxe do orzamento executado: _____ %

Avaliación Resultados:

-Grao de satisfacción dos obxectivos trazados:

-Feitos relevantes ocorridos durante o exercicio:

Observacións:

4.1.1. Propostas de Mellora que aparecen nos informes da titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos.

PROPOSTAS DE MELLORA. ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS. UDC					
Proposta de Mellora	**Punto Débil Detectado**	**Responsable**	**Planificación Temporal**	**Orzamento**	**Grao Execución**
Realización de enquisas para coñecer a carga real das materias.	A carga de contidos no plan de estudos é moi alta. Duración media da carreira superior á prevista. Masificación en certas materias. As prácticas, viaxes, etc. reducen o tempo co que conta o alumno para o estudo.	- Universidade - Centro	-	-	-
Elaboración dunha normativa de permanencia na UDC.	Masificación en certas materias. Duración media da carreira superior á prevista.	- Universidade	1 a 2 anos	-	-
Posta en marcha de programas de intercambio de estudantes.	Nula participación en proxectos de educación europeos.	- Xunta - Universidade - Centro	3 a 4 anos	-	-
Aumento da interrelación investigación - ensino	Falta de difusión da actividade investigadora dentro do centro.	- Centro - Departamento	-	-	En execución
Aumento dos fondos bibliográficos	Número insuficiente de exemplares dos libros recomendados en clase e destinados á consulta.	- Xunta - Universidade - Centro - Departamento	1 ano	-	En execución
Difusión de información aos alumnos	Dificultades para achegar aos alumnos información de interese.	- Centro	-	-	-
Promover accións para o mellor coñecemento dos procesos administrativos por parte do profesorado.	Descoñecemento dos procesos administrativos.	- Universidade - Centro - Departamento	-	-	-
Ampliación das instalacións da biblioteca.	Problemas de masificación	- Universidade - Xunta	-	-	-

Táboa 12:Propostas de mellora. Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos. UDC .

4.1.2. Principais Propostas de Mellora non recollidas no Plan de Mellora.

-Necesidade de ampliar a dotación de persoal técnico de laboratorio.
-Aumento do profesorado.
-Reforma do Plan de Estudos.
-Ampliar na medida do posible as dependencias do bar e da cafetería.

4.2 ENXEÑEIRO INDUSTRIAL - UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade da Coruña
Titulación: Enxeñeiro Industrial
Proceso de Avaliación:
- Convocatoria do Plan Nacional de Avaliación: 3ª,1999
- Data de presentación do Informe Final: Maio de 2001

Comité de Seguimento:
- Está constituído? Si
- Organismo que efectúa o nomeamento: Xunta de Escola
- Data de constitución: 14 de maio de 2002
- Membros partícipes no Comité Autoavaliación: 67 %

Análise das Propostas de Mellora:
- Nº de propostas formuladas no Informe Final: 20
- Nº de propostas do Informe Final recollidas no Plan de Mellora ____
- Nº de propostas que dependen da propia Universidade _____
- Asignación de responsables: Si
- Definición clara dos obxectivos buscados: Si
- Priorización das propostas: Non
- Temporalización da súa execución: Si
- Cuantificación do seu custo: Si

Nivel de Cumprimento do Plano de Melloras, a 31 de decembro do 2002:
- Grao medio de execución do Plan: _____ %
- Nº de propostas completamente executadas: 3
- Porcentaxe do orzamento executado: _____ %

Avaliación Resultados:
- Grao de satisfacción dos obxectivos trazados:
- Feitos relevantes ocorridos durante o exercicio:

Observacións:

4.2.1. Propostas de Mellora que aparecen nos informes da titulación de Enxeñeiro Industrial.

PROPOSTAS DE MELLORA. ENXEÑEIRO INDUSTRIAL. UDC					
Proposta de Mellora	**Punto Débil Detectado**	**Responsable**	**Planificación Temporal**	**Orzamento**	**Grao Execución**
Reconversión dalgunhas materias de libre configuración en obrigatorias ou optativas.	Salvo excepcións, escasísimo valor das materias cursadas como libre configuración.	- Ministerio de Educación -Universidade - Centro	-	-	-
Elaborar catálogo de materias de libre configuración acordes coa formación dun enxeñeiro.	Salvo excepcións, escasísimo valor das materias cursadas como libre configuración.	- Centro - Departamento	Curso 2003-2004	-	-
Elaborar propostas de novas materias de libre configuración dirixidas a corrixir as deficiencias formativas dos alumnos de novo ingreso.	Salvo excepcións, escasísimo valor das materias cursadas como libre configuración.	- Centro - Departamento	Próximos cursos	-	-
Aumento da Optatividade.	-	- Universidade - Centro - Departamento	Aprobación do novo Plan de Estudos	-	-
Redefinir as prácticas de laboratorio, axustándoas mellor aos contidos das distintas materias.	Disfunción nas prácticas de laboratorio nalgunhas especialidades en relación co seu deseño, distribución e desenvolvemento.	- Centro - Departamento	2º cuadrimestre do curso 2002-2003	-	-
Introdución de restricións na matrícula dos cursos superiores.	Avance curricular demasiado anárquico dos alumnos por non existir materias chave e ser pouco efectivas as limitacións e restricións en canto á matrícula.	- Universidade - Centro	-	-	-
Fomento da utilización das titorías dos alumnos de primeiro curso.	Indicadores de rendemento baixos, en xeral, para o alumnado.	- Centro	2º cuadrimestre curso 2002-2003	-	Baixo
Analizar posibles causas de abandono e retraso.	Indicadores de rendemento baixos para os alumnos.	- Centro - Departamento	Realizouse a principios de curso	-	Elevado

Táboa 13. Propostas de Mellora. Enxeñeiro Industrial. UDC.

PROPOSTAS DE MELLORA. ENXEÑEIRO INDUSTRIAL. UDC					
Proposta de Mellora	**Punto Débil Detectado**	**Responsable**	**Planificación Temporal**	**Orzamento**	**Grao Execución**
Definición e asignación de funcións específicas do persoal de administración e servizos.	Falta de especificidade na asignación de funcións para os postos de traballo desenvolvido polo PAS.	- Centro	-	-	-
Intensificar relacións coas empresas do medio, coa intención de incrementar o número de convenios.	Relacións por debaixo do seu nivel potencial.	- Universidade - Centro	2º cuadrimestre do curso 2002-2003	-	Elevado
Promover e desenvolver cursos e xornadas de formación relacionados coa incorporación ao mercado laboral para alumnos de último curso.	-	- Centro	-	-	-
Creación dunha Fundación ou Padroado da EPS que potencie as relacións coas empresas do medio	Relacións por debaixo do seu nivel potencial.	- Universidade - Centro	Ano 2003	-	Estase iniciando
Impulsar a consolidación da Asociación de Antigos Alumnos.	Relacións por debaixo do seu nivel potencial.	- Centro	2º cuadrimestre do curso 2002-2003	-	Estase iniciando
Definir obxectivos por materias e seguir o desenvolvemento dos programas propostos.	Falta de definición de obxectivos por materias, causa de duplicidades e omisións, que teñen que ser resoltas polos profesores afectados	- Centro	2º cuadrimestre do curso 2002-2003	-	-
Promoción e desenvolvemento de cursos de especialización e Másters en áreas específicas de grande interese industrial.	Relacións por debaixo do seu nivel potencial.	- Universidade - Centro	Curso 2003-2004	-	Aceptable
Ampliación da biblioteca e gabinetes dos profesores existentes.	Insuficiencia de infraestruturas docentes e de investigación.	- Universidade - Centro	Curso 2003-2004	-	Parcial
Deseñar programas de colaboración específicos con empresas nos que participarían alumnos en prácticas, baixo a tutela de profesores especialistas.	Relacións por debaixo do seu nivel potencial.	- Centro - Departamento - Empresas	Curso 2003-2004	Axudas das empresas interesadas	Estase iniciando

Táboa 13. Propostas de Mellora. Enxeñeiro Industrial. UDC (Continuación).

PROPOSTAS DE MELLORA. ENXEÑEIRO INDUSTRIAL. UDC					
Proposta de Mellora	**Punto Débil Detectado**	**Responsable**	**Planificación Temporal**	**Orzamento**	**Grao Execución**
Dotación parcial dos laboratorios.	Insuficiencia de espazos e dotación de equipos para aulas e laboratorios, etc.	- Universidade	Inmediato	Total: 24.035,95 €	Total
Equipos complementarios para o Laboratorio de Enxeñería da Construción.	Insuficiencia de espazos e dotacións de equipos para aulas, laboratorios etc.	- Xunta de Galicia - Universidade	Primeiro trimestre do 2003	Total 6.363,38 €	Total
Dotación de novos ordenadores para a Aula de CAD.	Insuficiencia de espazos e dotacións de equipos para aulas, laboratorios etc.	- Universidade	Primeiro trimestre do 2003	21.100 €	-
Dotar de infraestruturas de comunicación e enerxía imprescindibles para o novo Laboratorio de Organización Industrial.	Insuficiencia de espazos e dotacións de equipos para aulas, laboratorios etc.	- Universidade	Primeiro trimestre do 2003	6.516 €	Total
Dotación de novos ordenadores para a Aula de Proxectos.	Insuficiencia de espazos e dotacións de equipos para aulas, laboratorios etc.	- Universidade	Primeiro trimestre do 2003	15.300 €	-

Táboa 13. Propostas de Mellora. Enxeñeiro Industrial. UDC (Continuación).

4.2.2. Principais Propostas de Mellora non recollidas no Plan de Mellora.

-Aumento da autonomía da Escola en diversos temas que lle afectan directamente.

4.3 ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL. ESPECIALIDADE EN ELECTRICIDADE - UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade da Coruña

Titulación: Enxeñeiro Técnico Industrial, especialidade en Electricidade

Proceso de Avaliación:

- Convocatoria do Plan Nacional de Avaliación: 3ª, 1999
- Data de presentación do Informe Final: Maio de 2001

Comité de Seguimento:

- Está constituído? Si
- Organismo que efectúa o nomeamento: Xunta de Escola
- Data de constitución: 14 de maio de 2002
- Membros partícipes no Comité Autoavaliación: 90 %

Análise das Propostas de Mellora:

- Nº de propostas formuladas no Informe Final: 36
- Nº de propostas do Informe Final recollidas no Plan de Mellora ____
- Nº de propostas que dependen da propia Universidade _____
- Asignación de responsables: Si
- Definición clara dos obxectivos buscados: Si
- Priorización das propostas: Si
- Temporalización da súa execución: Si
- Cuantificación do seu custo: Si

Nivel de Cumprimento do Plan de Melloras, a 31 de decembro de 2002:

- Grao medio de execución do Plano: _____ %
- Nº de propostas completamente executadas: 1
- Porcentaxe do orzamento executado: _____ %

Avaliación Resultados:

- Grao de satisfacción dos obxectivos trazados:
- Feitos relevantes ocorridos durante o exercicio:

Observacións:

4.3.1. Propostas de Mellora que aparecen nos informes da titulación de Enxeñeiro Técnico Industrial.

PROPOSTAS DE MELLORA. ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL. ESPECIALIDADE ELECTRICIDADE. UDC					
Proposta de Mellora	**Punto Débil Detectado**	**Responsable**	**Planificación Temporal**	**Orzamento**	**Grao Execución**
Aplicación das novas tecnoloxías dentro da aula.	A principal metodoloxía docente é a clase maxistral.	- Xunta de Galicia - Universidade	4 anos	Total por aula 5.799,92 €	Parcial
Creación de laboratorios das materias de Teoría de Circuítos, Electrometría, Electrotecnia.	Non existe dotación, ou é extremadamente baixa nalgúns laboratorios.	- Ministerio de Educación	Inmediata	1.800 €	Total
Laboratorio de Sistemas eléctricos, Máquinas eléctricas I e II.	Non existe dotación, ou é extremadamente baixa nalgúns laboratorios.	- Universidade - Centro	3 anos	41.000 €	Parcial
Laboratorio de Mecánica de fluídos.	Non existe dotación, ou é extremadamente baixa nalgúns laboratorios.	- Universidade - Centro	Medio Prazo	36959,52 €	-
Ampliación e mellora da aula de Programación Industrial.	Non existe dotación, ou é extremadamente baixa nalgúns laboratorios.	- Universidade - Centro	Medio prazo	4.655 €	-
Rendibilidade do equipamento informático do Centro.	Non existe dotación, ou é extremadamente baixa nalgúns laboratorios. Falta de medios técnicos e humanos.	- Universidade - Centro	Curto prazo	-	-
Responsable directivo para a Calidade.	A minuciosa recollida de datos polos membros do comité non permitiu adicar suficiente tempo a valorar e reflexionar estes.	- Universidade	Inmediato		-
Enquisas avaliativas para o Alumnado.	Dificultade á hora de ser cumprimentadas as enquisas ao se realizaren no medio do curso académico.	- Universidade - Centro	Anual, comezando no curso 03-04	Estímase o custo anual por debaixo de 600 €	-
Continuación de estudos.	Obsérvase escasa ou nula influencia dos órganos de goberno da Universidade, o que se ve reflectido en que non exista acceso directo ao segundo ciclo.	- Universidade - Centro	Inmediata	Non se require	-
Potenciación da Escola Universitaria Politécnica.	Escasa influencia nos órganos de goberno da universidade.	- Universidade - Centro - Departamento	Inmediata	-	-
Guía do Centro.	Non están todos os programas á disposición do alumnado e non existe unha guía do centro.	- Centro	Inmediata	10.935 €	-
Dotación aulas NET.	-	- Universidade	Inmediato	23.811,50 €	Total

Táboa 14: Propostas de mellora. Enxeñeiro Técnico Industrial. Especialidade Electricidade. UDC.

PROPOSTAS DE MELLORA. ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL. ESPECIALIDADE ELECTRICIDADE. UDC					
Proposta de Mellora	**Punto Débil Detectado**	**Responsable**	**Planificación Temporal**	**Orzamento**	**Grao Execución**
Titorías.	Pouca utilización das titorías por parte do alumnado.	- Centro - Departamento	Inmediata	-	-
Coordinación do plan de estudos.	Detéctanse diversas "materias tapón".	- Centro - Departamento	Inmediata	Non se require	-
Analizar os motivos da elevada taxa de suspensos en algunhas materias.	Detéctanse diversas "materias tapón".	- Centro - Departamento	Inmediata	Non se require	
Alumnos por grupo.	Existe unha gran masificación nas aulas e laboratorios.	- Xunta de Galicia - Universidade - Centro	Cursos sucesivos	-	-
Promoción do profesorado.	Escasa valoración da realización dos estudos do 2º ciclo polo profesorado da titulación, aspecto que debería valorarse positivamente tal e como pasa cos estudos de 3^{eiro} ciclo.	- Universidade - Centro - Departamento	Despois dun prazo de adaptación	Gratuidade da matrícula na continuidade dos estudos	-
Innovación pedagóxica.	-	- Universidade - Centro - Departamento	Medio prazo	Non se require	-
Actividade do profesorado.	Escasa valoración do esforzo de titorizar proxectos fins de carreira.	- Universidade - Centro - Departamento	Medio prazo	Posible incremento do profesorado	-
Infraestruturas.	Edificación con máis de 35 anos que necesita constantes reparacións.	- Xunta de Galicia - Universidade - Centro	Curto prazo	-	-
Mellorar servizos de transporte	Accesos pésimos sen beirarrúas e sen luces. Pésimos servizos de transportes e urbanísticos da zona.	- Ministerio de Educación	Inmediato	-	-

Táboa 14: Propostas de mellora. Enxeñeiro Técnico Industrial. Especialidade Electricidade. UDC (Continuación).

PROPOSTAS DE MELLORA. ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL. ESPECIALIDADE ELECTRICIDADE. UDC					
Proposta de Mellora	**Punto Débil Detectado**	**Responsable**	**Planificación Temporal**	**Orzamento**	**Grao Execución**
Manifestar aos órganos de Goberno da Universidade o desexo de reagrupamento do Campus de Ferrol.	A pouca ou escasa influencia nos órganos da universidade obsérvase en que a titulación de "Deseño Industrial" non se encontre na Escola Universitaria Politécnica".	- Universidade	Inmediato	Mínimo	-
Mellorar a valoración do esforzo que supoñen os labores de investigación e dirección de teses.	Escasa valoración do esforzo de titorizar proxectos fins de carreira.	- Ministerio de Educación	Inmediato	Mínimo	
Ampliar os espazos existentes nos laboratorios.	Espazo moi limitado de laboratorio. Falta de equipamento dos laboratorios e o existente é obsoleto.	- Ministerio de Educación	Medio prazo	-	-
Aumentar a colaboración na tutela de Proxectos de Fin de Carreira nalgúns centros.	Escasa valoración do esforzo de titorizar proxectos fins de carreira.	- Ministerio de Educación	Inmediato	Mínimo	-
Creación de materias optativas que sirvan de apoio para as actuais "materias tapón".	Detéctanse diversas "materias tapón".	- Ministerio de Educación	Inmediato	Mínimo	-
Sinatura de acordos con Universidades Estranxeiras.	Falta de recoñecemento axeitado no ámbito europeo.	- Ministerio de Educación	Inmediato	Mínimo	-
Propoñer aumento da titulación a 4 anos.	-	- Ministerio de Educación	Inmediato	Mínimo	-
Propoñer programas de Terceiro Ciclo propio departamento.	-	- Ministerio de Educación	Curto prazo	Mínimo	-
Potenciar as relacións inter-universitarias, participación en congresos e publicación de revistas de investigación.	-	- Ministerio de Educación	-	-	-
Incentivar o profesorado para abordar proxectos con empresas.	-	- Ministerio de Educación	Curto prazo	Mínimo	-
Ampliar e mellorar o período de formación dos membros que van participar no proceso de autoavaliación.	Período de tempo fixado excesivamente curto.	- Ministerio de Educación	Inmediato	Mínimo	-
Dotar aos Comités de Autoavaliación de medios económicos, técnicos e humanos.	Densidade de traballo moi elevada	- Centro - Universidade	Inmediato	Mínimo	

Táboa 14: Propostas de mellora. Enxeñeiro Técnico Industrial. Especialidade Electricidade. UDC (Continuación).

4.4 DIPLOMADO EN ENFERMERÍA – UNIVERSIDADE DA CORUÑA (CAMPUS DE FERROL)

Universidade da Coruña (Campus de Ferrol)

Titulación: Diplomado en Enfermería

Proceso de Avaliación:

- Convocatoria do Plan Nacional de Avaliación: 4ª,2000
- Data de presentación do Informe Final: Decembro de 2001

Comité de Seguimento:

- Está constituído? __
- Organismo que efectúa o nomeamento: ___
- Data de constitución: ___
- Membros partícipes no Comité Autoavaliación: __%

Análise das Propostas de Mellora:

- Nº de propostas formuladas no Informe Final: 20
- Nº de propostas do Informe Final recollidas no Plan de Mellora ____
- Nº de propostas que dependen da propia Universidade _____
- Asignación de responsables: Non
- Definición clara dos obxectivos buscados: Non
- Priorización das propostas: Non
- Temporalización da súa execución: Non
- Cuantificación do seu custo: Non

Nivel de Cumprimento do Plan de Melloras, a 31 de decembro de 2002:

- Grao medio de execución do Plan: _____ %
- Nº de propostas completamente executadas: ___
- Porcentaxe do orzamento executado: _____ %

Avaliación Resultados:

- Grao de satisfacción dos obxectivos trazados:
- Feitos relevantes ocorridos durante o exercicio:

Observacións:

4.4.1. Propostas de Mellora que aparecen nos informes da titulación de Diplomado en Enfermería.

PROPOSTAS DE MELLORA. DIPLOMADO EN ENFERMERÍA. UDC					
Proposta de Mellora	**Punto Débil Detectado**	**Responsable**	**Planificación Temporal**	**Orzamento**	**Grao Execución**
Realizar a avaliación dunha maneira periódica.	-	-	-	-	-
Promover a cultura de calidade en todos os centros.	-	- Universidade - Centro - Departamento	-	-	-
Formar aos profesores en Metodoloxía da Calidade.	-	-	-	-	-
Establecer unha boa planificación dos horarios de clase.	-	-	-	-	-
Revisar a Guía do Estudante.	-	-	-	-	-
Diminuír o Numero Clausus da titulación.	-	-	-	-	-
Formar ao profesorado en metodoloxía didáctica.	-	- Departamento	-	-	-
Mellorar o sistema de avaliación das prácticas clínicas.	-	- Departamento	-	-	-
Crear a figura dun responsable dos laboratorios.	-	-	-	-	-
Fomentar o emprego das titorías.	-	- Centro - Departamento	-	Nulo	-
Ofertar no Campus de Ferrol formación en áreas como informática ou inglés.	-	-	-	-	-
Facilitar o transporte escolar aos alumnos do Campus de Ferrol.	-	-	-	-	-
Aproveitar a avaliación que cada ano realizan os alumnos para mellorar os aspectos negativos.	-	-	-	-	-
Elaborar un manual que describa as funcións administrativas competencia do Reitorado.	-	-	-	-	-
Mellorar a oferta de materias de libre elección.	-	-	-	-	-
Fomentar a participación do profesorado nos programas internacionais.	-	-	-	-	-

Táboa 15. Propostas de Mellora. Diplomado en Enfermería. UDC.

4.5 DIPLOMADO EN FISIOTERAPIA – UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade da Coruña

Titulación: Diplomado en Fisioterapia

Proceso de Avaliación:

- Convocatoria do Plan Nacional de Avaliación: 4ª,2000
- Data de presentación do Informe Final: Decembro de 2001

Comité de Seguimento:

- Está constituído? __
- Organismo que efectúa o nomeamento: ___
- Data de constitución: ___
- Membros partícipes no Comité Autoavaliación: __%

Análise das Propostas de Mellora:

- Nº de propostas formuladas no Informe Final: 22
- Nº de propostas do Informe Final recollidas no Plan de Mellora ____
- Nº de propostas que dependen da propia Universidade _____
- Asignación de responsables: Non
- Definición clara dos obxectivos buscados: Non
- Priorización das propostas: Non
- Temporalización da súa execución: Non
- Cuantificación do seu custo: Non

Nivel de Cumprimento do Plan de Melloras, a 31 de decembro de 2002:

- Grao medio de execución do Plan: _____ %
- Nº de propostas completamente executadas: ___
- Porcentaxe do orzamento executado: _____ %

Avaliación Resultados:

- Grao de satisfacción dos obxectivos trazados:
- Feitos relevantes ocorridos durante o exercicio:

Observacións:

4.5.1. Propostas de Mellora que aparecen nos informes da titulación de Diplomado en Fisioterapia.

PROPOSTAS DE MELLORA. DIPLOMADO EN FISIOTERAPIA. UDC					
Proposta de Mellora	**Punto Débil Detectado**	**Responsable**	**Planificación Temporal**	**Orzamento**	**Grao Execución**
Manter o nivel de identidade e autonomía na xestión.	As instalacións compartidas con outros centros provocan dificultades de coordinación.	-	-	-	-
Publicar durante o curso 2001/2002 un documento en que se presenten as metas e obxectivos da titulación.	-	-	-	-	-
As Directrices Xerais Comúns e Propias da titulación deben ser revisadas.	Reducido tempo dispoñible para impartir os contidos básicos das materias.	-	-	-	-
Contemplar a equivalencia dos créditos clínicos a 25 horas no referente á contratación do profesorado.	-	-Reitorado	-	-	-
Desenvolvemento de estratexias que estimulen a utilización das titorías.	Escasa utilización das titorías por parte do alumnado.	- Universidade - Departamento	-	-	-
Realizar unha campaña informativa orientada aos alumnos para fomentar o emprego das titorías.	Escasa utilización das titorías por parte do alumnado.	- Centro	Curso 2001/2002	-	-
Axuste dos contidos das diferentes materias.	Déficit no cumprimento dos programas dalgunhas materias.	- Centro -Departamentos	-	-	-
Reforzar a difusión do ciclo de actividades culturais.	Escasa participación dos alumnos nas actividades culturais.	- Centro	-	-	-
Ampliación do tempo de formación dispoñible incrementando o número de anos da titulación.	Reducido tempo dispoñible para impartir os contidos básicos.	-	-	-	-
Maior número de profesores na área de Fisioterapia.	Exceso de carga docente do profesorado do Departamento de Fisioterapia.	- Universidade - Departamento	-	-	-
Recoñecemento de toda a carga docente clínica que contempla o Plan de Estudos.	O non recoñecemento das equivalencias dos créditos clínicos no POD.	-	-	-	-
Facilitar o acceso do profesorado a segundos ciclos e doutorados relacionados coa Fisioterapia.	Inexistencia do doutorado na área de Fisioterapia.	- CCU - Universidade	-	-	-
Establecer convenios con empresas orientados á investigación.	Dificultade para acceder ao financiamento de proxectos de investigación.	- Universidade	-	-	-
Creación da clínica universitaria.	Inexistencia de clínica, que serviría para posibilitar a investigación do 50% do profesorado do Departamento de Fisioterapia.	- Universidade	-	-	-

Táboa 16. Propostas de Mellora. Diplomado en Fisioterapia. UDC.

PROPOSTAS DE MELLORA. DIPLOMADO EN FISIOTERAPIA. UDC					
Proposta de Mellora	**Punto Débil Detectado**	**Responsable**	**Planificación Temporal**	**Orzamento**	**Grao Execución**
Cubrir a praza vacante de axudante de biblioteca.	Non ocupación da praza de axudante de biblioteca.	- Universidade	-	-	-
Ampliar o espazo destinado á biblioteca.	Insuficiente espazo e postos de lectura na biblioteca.	- Universidade	-	-	-
